



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 15 DE MAIO DE 2014.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

Non asisten e se excusan:

PSdeG-PSOE:

D. Iván Méndez García.

D. José Fernando García Lesta.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 15 de maio de 2014, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. PLAN DTC 93. UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“PLAN DTC 93. UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

1º) Participar no “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen a aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións:

| DENOMINACIÓN | ORZAMENTO TOTAL | ACHEGA MUNICIPAL | ACHEGA PROVINCIAL |
|---|-----------------|------------------|-------------------|
| REPARACIÓN CAMIÑO EN MEILÁN (OLAS) E OUTROS | 47.564,88 € | 0 € | 47.564,88 € |
| REPARACIÓN CAMIÑO NA AREOSA (MESÍA) E OUTROS | 47.671,80 € | 0 € | 47.671,80 € |
| REPARACIÓN CAMIÑO NA UCEIRA (BASCOI) E OUTROS | 51.108,49 € | 0 € | 51.108,49 € |
| SUBTOTAL OBRAS | 146.345,17 € | 0 € | 146.345,17 € |



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios:

| <i>DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLÚE</i> | <i>FINANCIAMENTO DESAGREGADO</i> | <i>ACHEGA PROVINCIAL APLICADA</i> |
|---|----------------------------------|-----------------------------------|
| --- | --- | --- |
| TOTAL | | |

C) Resumo:

| <i>Denominación da obra</i> | <i>Deputación</i> | <i>Concello</i> | <i>Outras achegas</i> | <i>Presuposto total</i> |
|--|---------------------|-----------------|-----------------------|-------------------------|
| SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS | <i>146.345,17 €</i> | --- | --- | <i>146.345,17 €</i> |
| SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS | --- | --- | --- | --- |
| TOTAL | <i>146.345,17 €</i> | --- | --- | <i>146.345,17 €</i> |

2º) Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións das obras ou subministracións:

| <i>Denominación</i> | <i>Presuposto</i> |
|--|--------------------|
| REPARACIÓN CAMIÑO DA BRAÑA A CRUCE VILAR (CABRUI) E OUTRO | <i>37.207,69 €</i> |

3.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execucións da obra.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

En Mesía, 12 de maio de 2014. O alcalde Asdo./Mariano Iglesias Castro"

Manifesta o Sr. Alcalde que o presente Plan está pendente aínda dunha modificación de crédito que ten que facer a Deputación, pero de maneira provisoria comunicaron aos concellos que fósemos elaborando o Plan. Os obxectivos do Plan veñen xa moi acotados e, no noso caso, presentamos tres proxectos destinados a vías públicas, que comprenden once actuacións en cinco parroquias do concello: Albixoi, Xanceda, Bascoi, Olas e Mesía. O primeiro prevee actuacións en camiños de Olas, Xanceda e dous en



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Bascoi, o segundo un camiño en Mesía e dous en Albixoi, e o terceiro tres camiños en Albixoi e un en Bascoi. Tendo en conta a inversión prevista nos orzamentos municipais neste ano faranse actuacións deste tipo en todas as parroquias do concello, que están moi necesitadas.

Manifesta o Sr. Álvarez que non ten nada que obxectar.

Sometido o asunto a votación, aprobouse por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,